

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro           | Concello | Ano académico |
|----------|------------------|----------|---------------|
| 15026807 | IES Félix Muriel | Rianxo   | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza                        | Nome da área/materia/ámbito     | Curso  | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|---------------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | 2ª Lingua estranxeira - Francés | 4º ESO | 3                | 105            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 14            |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 15            |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 17            |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 50            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 52            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 53            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 53            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 55            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 57            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 58            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 60            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 62            |
| 9. Outros apartados   | 63            |

## 1. Introducción

Segundo regula o Decreto 156/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, a presente programación desenvolve o currículo da materia Segunda Lingua estranxeira - Francés en 4º ESO no centro educativo 15026807 - IES Félix Muriel.

A materia Segunda Lingua Estranxeira: Francés impártese en 4º ESO como "Optativa autonómica" e conta cunha carga lectiva semanal de 3 sesións de 50 minutos.

No contexto definido no PEC, na PXA, no DOC e nas NOFC do 15026807 - IES Félix Muriel, o Departamento de Francés ten encomendada a docencia de 2 grupos-clase da materia 2ª Lingua estranxeira - Francés en 4º ESO cun número de alumnado de 22 e 17 respectivamente.

- 4º ESO A/C -15 alumnos/as + 7 alumnos/as- (prof. Elisa Calvo Vigo)

- 4º ESO B/D: -7 alumnos/as + 10 alumnos/as- (prof. María Asunción González González)

Prevese un número de 1 alumna coa materia pendente de cursos anteriores.

Ao iniciar o 4º curso da educación secundaria obrigatoria, o alumnado matriculado en Segunda Lingua Estranxeira- Francés debería levar tres cursos en contacto con polo menos dúas linguas estranxeiras polo que xa estivo en relación, cando menos elementalmente, con culturas e interaccións diferentes ao seu contexto habitual.

A realidade dos grupos-clase, porén, é moi diferente ao que debería ser. Así atopamos na aula de Segunda Lingua Estranxeira - Francés alumnado que xa estivo en contacto coa lingua os tres últimos anos, alumnado que só estivo en contacto coa lingua estranxeira nos niveis de 1º e 2º de ESO e alumnado que entra en

contacto con esta materia por primeira vez en 4º de ESO

Neste curso, preténdese que o alumnado continúe progresando na súa madurez lingüística e social para ampliar as marxes da súa competencia plurilingüe e pluricultural ao tempo que se pretende presentar a lingua e levar a cabo un progresivo nivel de desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe con aquel alumnado que non ten adquiridos os coñecementos necesarios para cursar a materia en 4º curso de ESO.

No actual contexto de globalización, o coñecemento de linguas (en plural) é un requisito imprescindible. Mediante a competencia plurilingüe e pluricultural, o alumnado poderá mobilizar o repertorio plural dos recursos lingüísticos e culturais das linguas que conformen o seu repertorio lingüístico (linguas cooficiais da nosa comunidade, linguas estranxeiras -vivas ou clásicas- e linguas de migración, se é o caso) e así enfrontarse á necesidade de comunicar noutra lingua estranxeira apoiado polos coñecementos e experiencias lingüísticas e culturais adquiridos en todas as linguas coñecidas ou aprendidas.

A ensinanza de linguas estranxeiras é un proceso complexo que implica definir unha apropiada metodoloxía, unha concepción da linguaxe e a aplicación dunha estratexia didáctica que facilite ao alumnado o desenvolvemento das súas habilidades lingüísticas de acordo coas súas necesidades comunicativas. Ademais, a forma de ensinar linguas estranxeiras está relacionada co enfoque lingüístico predominante. Isto significa que existe unha estreita relación entre a teoría lingüística vixente e a metodoloxía aplicada na aula de linguas estranxeiras.

Na aprendizaxe dunha lingua estranxeira, preténdese que o alumnado valore a nivel persoal e académico a riqueza que supón o coñecemento da lingua francesa, lingua falada nos cinco continentes por máis de 200 millóns de persoas no mundo enteiro. Na Unión Europea, ocupa o 2º posto como lingua materna. Trátase da 2ª lingua máis ensinada do mundo.

Esta programación adopta o enfoque comunicativo que o Consello de Europa promove no Marco Común Europeo de Referencia para a aprendizaxe das linguas estranxeiras.

Os criterios de avaliación da materia, na súa formulación competencial, aseguran a consecución dos obxectivos aos que están vinculados. A nivelación dos criterios de avaliación está adecuada á madurez, experiencias de aprendizaxe lingüísticas previas e desenvolvemento psico-evolutivo do alumnado de 4º de educación secundaria obrigatoria.

Esta programación estrutúrase en 6 unidades didácticas cun peso na materia progresivamente ascendente e cun peso específico para cada un dos tres bloques da materia: Comunicación, Plurilingüismo e Interculturalidade (70, 20 e 10 % respectivamente) considerando que cada un dos criterios de avaliación se desenvolve progresivamente ao longo de cada unidade didáctica.

A programación está baseada no principio de flexibilidade, inclusión e atención á diversidade. Debe adaptarse ás modificacións necesarias en función das características, necesidades e intereses do alumnado e ter en conta no contexto sociocultural e económico do 15026807 - IES Félix Muriel

A lingua é o instrumento por excelencia da aprendizaxe e da comunicación. Tanto as linguas primeiras (castelán e galego no caso que nos ocupa) como as linguas estranxeiras (as impartidas no noso centro son como primeira lingua, o inglés, como segundas, o francés e o portugués e como linguas propias do itinerario de letras, o grego e o latín) forman parte na actualidade, e cada vez farano máis no futuro, da bagaxe vital das persoas nun mundo en continua expansión. Mundo este no que, a un tempo, as relacións entre individuos, países, organismos e corporacións trócanse máis frecuentes e máis estreitas e a necesidade de mobilidade laboral é máis importante. Na medida en que esa bagaxe comprende diversos coñecementos, destrezas e actitudes

en diversas linguas, é dicir un perfil plurilingüe e intercultural, o individuo estará mellor preparado para a súa integración e participación activa nun contexto cheo de variantes e en situacións que supoñen un estímulo para o seu desenvolvemento, e mellores oportunidades, nos ámbitos persoal, público, educativo ou académico e ocupacional e profesional. A presenza dunha segunda lingua estranxeira na ensinanza secundaria, tanto se se trata do francés como do portugués (as dúas ofertadas no Centro), favorece unha mellor preparación para a integración da persoa nesta nova sociedade que se esta a debuxar. A utilización das linguas estranxeiras aprendidas e empregadas como instrumento relacional para con xente doutros países debería satisfacer, alomenos en parte, as necesidades reais de comunicación que se lles presentarán ao alumnado nun futuro próximo e a posibilidade dunha mellor incorporación ao mundo laboral; e, sobre todo, os alumnos e alumnas verán incrementada a confianza en si mesmos e a autoestima ao decatarse de que poden empregar outras linguas para comunicarse con persoas nativas doutros lugares, o que implica tamén a aprendizaxe do respecto polo outro (costumes, tradicións, crenzas...) e por conseguinte, o rexeitamento de calquera tipo de comportamento racista ou xenófobo. Dado que este proxecto debe ter en conta cambios tan significativos e evidentes como a globalización, que practicamente esixe o dominio dunha segunda lingua estranxeira, e mesmo dunha terceira u cuarta, o impacto das novas tecnoloxías que repercuten directamente no alumnado á hora de aprender a aprender, de comunicarse ou de realizar unha tarefa; elementos todos eles que se converteron nunha prioridade e nunha ferramenta clave respectivamente no proceso de aprendizaxe ao longo de toda a vida; a motivación será un factor importante, xa que deberá fomentar no alumnado unha actitude positiva e unha disposición a aprender. Esta é sen dúbida unha das tarefas máis decisivas do profesorado ¿como facilitador da

aprendizaxe significativa-, posto que o éxito do proceso de ensino e aprendizaxe depende en gran medida da propia motivación que alumnos e alumnas presenten perante a materia que están a interiorizar. Por iso, a elaboración do proxecto curricular que debe ter presente ademais dos obxectivos, que describen e enumeran aquilo que debe aprender o alumnado (contidos), en que orde (secuenciación), como deben facelo (metodoloxía) e con que medios (libros, cadernos, outros materiais didácticos, as TIC...) por que e para que deben traballar a materia (finalidade) e todos aqueles elementos que contribúan a fomentar un maior interese e que provoquen no alumnado o gusto pola aprendizaxe da lingua e da cultura doutros países co que a partir do primeiro curso de ESO, sempre e cando así o desexen ou llo recomenden, teñen así a posibilidade de entrar en contacto. O obxectivo principal para este Departamento de Francés será o de capacitar ao alumnado nas catro destrezas básicas da lingua: expresión oral (EO), expresión escrita (EE), comprensión oral (CO) e comprensión escrita (CE), dándolle suma importancia a cada unha delas. Para acadar este obxectivo é imprescindible a colaboración do alumnado, polo tanto a nosa finalidade (como docentes) será a de proporcionar unha metodoloxía activa e participativa que fomente a intervención do alumno/a, evitando tarefas estritamente repetitivas que os converta en simples receptores e observadores, para iso procurárase sempre a implicación e participación dos receptores no proceso de ensino e aprendizaxe dado que é fundamental que saiban comprender, escribir e falar na segunda lingua estranxeira. En contextos e situacións de comunicación real, a lingua emprégase para realizar ou acompañar accións con diversos propósitos, polo que o currículo básico incorpora o enfoque orientado á acción recollido no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas e describe, en termos de actuación e tomando este Marco como base da devandita descrición, o que os estudantes deberán ser capaces de facer no idioma estranxeiro

en diversos contextos comunicativos reais nos que, dada a súa idade e as súas características dependen das distintas etapas educativas, terán oportunidade de actuar. As actividades de recepción, produción e interacción orais e escritas que conforman as competencias e aprendizaxe avaliadas no currículo básico integran tanto as diversas competencias comunicativas específicas, cuxa activación conxunta permite a realización desas actividades, como as competencias básicas xerais correspondentes a cada etapa. O currículo básico para a etapa de Educación Secundaria estrutúrase ao redor das actividades de lingua tal como estas se describen no Marco Común Europeo de referencia para as Linguas (MCER: elaborado polo Concello de Europa por iniciativa do goberno federal suízo e presentado no ano 2001) inclúen comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos. O Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas delimita as capacidades que o alumno ou a alumna debe controlar en cada un dos niveis (A1, A2, B1, B2, C1 e C2) para as categorías comprender, falar e escribir. A categoría comprender integra as destrezas comprensión auditiva e comprensión de lectura; a categoría falar integra as de interacción oral e expresión oral e a categoría escribir comprende a destreza en expresión escrita. Os contidos e criterios están organizados en catro grandes bloques que se corresponden coas actividades de lingua mencionadas, eixe do ensino desta materia. De acordo coa LOMCE, o currículo estará integrado polos obxectivos de cada ensino e etapa educativa; as competencias, ou capacidades para activar e aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensino e etapa educativa, para lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos, os contidos, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensino e etapa educativa e á adquisición das competencias; a metodoloxía didáctica, que



comprende tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes; os estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis; e os criterios de avaliación do grado de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensino e etapa educativa. Os contidos ordénanse en asignaturas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función dos ensinos, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado. Vémosto máis claro coa seguinte clasificación:

a) Currículo: regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada un dos ensinos e etapas educativas.

b) Obxectivos: referentes relativos aos logros que o alumno debe acadar ao finalizar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas a tal fin.

c) Competencias: capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensino e etapa educativa, co fin de conseguir a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

d) Contidos: conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensino e etapa educativa e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en asignaturas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función dos ensinos, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado.

e) Criterios de avaliación: son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos como en competencias; responden ao que se pretende conseguir en cada materia.

f) Metodoloxía didáctica: conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito

consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados. Será preciso ter en conta o enfoque competencial das aprendizaxes que garante a formación integral do alumno/a na esfera persoal, emocional e intelectual e social e afectiva e o perfil de saída do alumno/a que se concibe como o elemento que debe fundamentar as decisións curriculares, as estratexias e orientacións metodolóxicas na práctica lectiva e o elemento de referencia para a avaliación interna e externa das aprendizaxes do alumnado e que é clave para dar continuidade, coherencia e cohesión á progresión dos estudantes durante a ensinanza secundaria obrigatoria e posobrigatoria.

### 1.1. CONTEXTO PARTICULAR E PERFIL DOCENTRO

Centrándonos agora na contextualización, faremos unha breve descrición dos aspectos propios do Centro que nos ocupa e que, dalgún xeito, poden incidir na práctica docente dos membros deste departamento e, xa que logo, no proceso de ensino e aprendizaxe do noso alumnado. Enténdese por contextualización o entorno social, histórico e xeográfico no que se leva a cabo o labor docente. Como non todos os entornos son iguais, contextualizar sería adaptar o proceso de ensino e aprendizaxe ás diferentes situacións xeográficas, históricas e sociais. Son evidentes as diferenzas existentes entre o sur e o norte ou o interior e a costa da nosa Comunidade Autónoma, entre o rural e o urbano, entre os propios centros educativos (pola estabilidade dos claustros, pola andadura pedagóxica, etc.). Estas diferenzas producen unha serie de consecuencias que tanto teñen que ver coas características do alumnado, cos seus intereses, motivacións e ritmos de aprendizaxe como cos recursos dispoñibles: naturais, patrimoniais, culturais, entre outros. É necesario ter todas estas variantes ben presentes á hora de programar e establecer os elementos que inflúen na programación. O centro educativo que nos compete xa dispón de todos estes datos de interese que

obtivo a través de cuestionarios que adoitan ser periodicamente postos ao día (normalmente polo departamento de Normalización Lingüística), estudos municipais ou informes estatísticos das administracións públicas. Na programación só teremos que interpretar os datos e adaptalos ás particularidades da materia, tendo en conta os parámetros xeográficos e históricos, a análise sociolóxica, a diferente motivación do alumnado..., e establecendo os criterios polos que seleccionar, secuenciar e organizar os contidos. Os máis importantes, sen que a relación supoña ningún tipo de xerarquización ou priorización, poderían ser os seguintes:

- Entorno natural e social do alumnado
- Nivel cultural dos alumnos/as
- Necesidades cognoscitivas do alumnado (innata, de coñecer, de entender)
- Grao de evidencia dos propios coñecementos e carencias por parte do alumno/a
- Intereses dos alumnos/as
- Momento evolutivo do alumnado
- Recursos cos que se conta para levar a cabo o proceso de ensino e aprendizaxe
  - Estrutura lóxica interna da materia
  - Demandas sociais ao sistema educativo en xeral e á materia en particular
  - Factores de incidencia máis importantes no proceso de ensino e aprendizaxe

O concello de Rianxo sitúase xeograficamente na península do Barbanza, ao sur da provincia da Coruña, xusto no vértice da ría de Arousa. Forma parte da Comunidade de Concellos de Arousa Norte. Cunha extensión de 58,79 km<sup>2</sup> e unha poboación aproximada de 11.500 habitantes, aséntase sobre un terreo fértil de montes de escasa altitude, pequenas chairas e algúns vales. A súa densidade demográfica, 203,4 habitantes/km<sup>2</sup>, é superior á

media provincial, e a poboación concéntrase maioritariamente na área nuclear do concello, adoptando o resto asentamentos lineais ao longo das súas estradas e vías de comunicación, con algunhas aldeas dispersas e outras apostadas nas estradas principais. Conectado con Santiago de Compostela pola vía rápida (38 km), sitúase próximo a Boiro (5 km), Padrón (10 km), A Pobra do Caramiñal (12 km) e Ribeira (23 km), cos que mantén desde sempre fluídas relacións comerciais e tránsito de poboación. O concello -que comprende unha vila, con 71 entidades de poboación rural (algunhas delas inferiores a 5.000 habitante- e algunhas casas illadas- consta de 6 parroquias: Rianxo, Taragoña, Asados, Araño, Leiro e Isorna.

A REALIDADE EDUCATIVA de Rianxo está estruturada en tres escolas de Educación Infantil e Primaria: o A.D.R. Castelao (situado na propia vila de Rianxo), o CEIP Xosé María Brea Segade (en Taragoña) o CEIP Ana María Diéguez (en Asados). Existe ademais unha Escola Rural Asociada (a ERA de Asados) que agrupa todas as escolas unitarias do concello. Un Instituto de Secundaria, o IES Félix Muriel (no lugar de Rianxiño) imparte a etapa Secundaria, o Bacharelato e un Ciclo Formativo. No que atinxe a outras ofertas educativas, é salientable sinalar a iniciativa educativa cuxa responsabilidade asume o Concello, a través de Programas de Educación para Adultos (obtención do Graduado Escolar e 1º de F.P.I. Administrativo) e de Formación Laboral (cursos de Formación Ocupacional).

A REALIDADE SOCIOCULTURAL. de Rianxo caracterízase polo arraigo de diversas manifestacións promovidas e desenvolvidas por iniciativa popular. A oferta pública do Concello comprende unha programación anual de conferencias, congresos, promoción de diversos aspectos culturais, servizos sociais, biblioteca, entre outras. Existen ademais numerosas asociacións e colectivos culturais (música, teatro, literatura, baile, etc.) que achegan un plus á actividade cultural do que non son alleos os nosos/as

estudantes.

**A REALIDADE SOCIOECONÓMICA.** As parroquias de Rianxo e Taragoña reúnen a máis do 50% da poboación do Concello. A zona máis densamente habitada é a parroquia de Rianxo, que triplica en número á de Taragoña e, en maior proporcións, ás demais parroquias rianxeiras. En Rianxo, como no resto da comarca do Barbanza, existe unha taxa de actividade laboral moi elevada, comparativamente á media galega e española, que se explica pola abundancia do subemprego agrícola, pesqueiro e marisqueiro, que ocupa a boa parte da poboación. A industria é escasa e marcadamente artesanal, caracterizada, en xeral, pola presenza de pequenas empresas de carácter familiar e negocios integrados no sector terciario. Hai tres fábricas conserveiras na vila, con man de obra maioritariamente feminina. Tamén existen dúas empresas de confección en Taragoña que, ademais, lle reparten traballo a modistas a domicilio. Completan o sector téxtil, unha cooperativa de costureiras que traballa para outras empresas e un pequeno obradoiro de prendas de punto no núcleo rural de O Pazo. Outra municipal con sección infantil. O ramo da construción aparece configurado por pequenas empresas de autónomos. Outras industrias salientables son as dúas fábricas de bebidas refrescantes, unha fábrica de lixivia, pequenos estaleiros orde de cousas, cómpre salientar a intensa e histórica tradición musical do Concello. Unha parte importante da súa poboación, isto é, o noso alumnado sabe e pode tocar un instrumento musical. Organízanse constantes eventos musicais ao longo do ano. Este gusto pola música tradúcese na existencia de seis orquestras profesionais e unha banda. Sen esquecer as carpinterías de ribeira, a caldeiraría destinada a flotadores de batea e reparación de bateiros, dúas empresas de transporte público, serradoiros, obradoiros de aluminio, mecánicos, carpinterías, fábrica de materiais de construción, pequenas e con poucos operarios. En conclusión, podemos dicir que, salvo

excepcións, o nivel socioeconómico do alumnado deste IES sitúase entre un tramo medio e medio-baixo, con presencias de familias mileuristas que completan os seus ingresos con outras actividades temporais. No que respecta a lingua e aos usos lingüísticos, o galego é, en xeral, a lingua de comunicación cotiá entre o noso alumnado, aínda que se nota cada vez máis, a presenza de alumnos/as cuxa primeira lingua é o castelán, sobre todo no que atinxe a alumnado procedente do núcleo urbano de Rianxo.

## 1.2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

Contamos este curso cunha importante matrícula de alumnos no centro. Obsérvase, un ano máis, unha elevada porcentaxe de provisionalidade entre o profesorado.

Debemos indicar que esta programación, en todos os seus aspectos, pode sufrir modificacións dependendo en cada caso das circunstancias xerais e mesmo particulares de cada momento e de cada alumno/a ou grupo de alumnado.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos  | CCL | CP  | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|-----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Comprender o sentido xeral e información relevante e predicible en textos sinxelos e ben estruturados, en lingua estándar relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do nivel escolar, e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas. | 2-3 | 1-2 | 1    | 1  | 5     |    |    | 2    |
| OBX2 - Producir textos de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma adecuada e coherente mensaxes que respondan a propósitos comunicativos cotiáns.  | 1   | 1-2 | 1    | 2  | 5     |    | 1  | 3    |

| Obxectivos   | CCL | CP    | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|-------|------|----|-------|----|----|------|
| OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións sinxelas, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.     | 5   | 1-2   | 1    |    | 3     | 3  |    |      |
| OBX4 - Mediar entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos simples, resumir ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.  | 5   | 1-2-3 | 1    |    | 1-3   |    |    | 1    |
| OBX5 - Recoñecer, ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.  |     | 2     | 1    | 2  | 1-5   |    |    |      |
| OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais. | 5   | 3     |      |    | 1-3   | 3  |    | 1    |

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título                      | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | UD1. On prend notre envol ! | [Inclúe 4 sesións de avaliación inicial]<br>Révision des quelques temps verbaux : présent, passé composé, futur<br>La France : Les 18 régions et leur chef-lieu<br>I. Préparer un voyage dans une région française<br>- Communiquer avec une agence de voyage : Demander et donner des informations<br>- Réserver un billet d'avion<br>Les verbes de parole (répondre; exiger; prier ; s'interroger ; crier ; s'exclamer)<br>Le discours indirect rapporté au présent « que ». | 10             | 18         | X        |          |          |

| UD | Título                             | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | UD1. On prend notre envol !        | Le pronom "y" COI.<br>La cause (car, comme, parce que, étant donné que ; c'est pourquoi)<br>La conséquence (donc ; par conséquent ; c'est pourquoi ; de sorte que)  | 10             | 18         | X        |          |          |
| 2  | UD2. Il est interdit d'interdire ! | II. Préparer un voyage dans une région française<br>- Réserver une chambre dans un hôtel : Demander et donner des informations<br>Révision : passé récent, présent progressif et futur proche<br>Exprimer l'obligation, l'autorisation, la permission et l'interdiction.<br>Faire une demande polie.<br>Les indéfinis: chaque / chacun(e), aucun(e) et certain(e)s.   | 10             | 15         | X        |          |          |
| 3  | UD3. On mange de ouf ici !         | III. Préparer un voyage dans une région française<br>- Réserver une table dans un restaurant : Demander et donner des informations<br>- Demander un repas dans un restaurant<br>Cuisine et gastronomie : Parler de la cuisine/des repas en français (entrées, plats principaux, desserts)<br>Cuisine et gastronomie : Spécialités culinaires régionales<br>Les prépositions et les adverbes de lieu.<br>L'accord du participe passé avec avoir.<br>Le conditionnel.   | 15             | 18         |          | X        |          |
| 4  | UD4. On y va comment ?             | IV. Préparer un voyage dans une région française<br>- À l'agence de tourisme : Demander des informations<br>Donner son avis/son opinion (locutions adverbiales). Exprimer son accord ou son désaccord.<br>Le vocabulaire de la ville : Les arrondissements, les quartiers, les lieux d'intérêt, les monuments, les endroits publics<br>a. S'orienter dans une ville : Demander son chemin<br>b. S'orienter dans une ville : Se déplacer, se diriger, trouver son chemin, se situer<br>Donner des consignes : Impératif et futur proche<br>Exprimer la certitude et le doute, la possibilité (être ou ne pas être certain ; être | 15             | 18         |          | X        |          |



| UD | Título                       | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 4  | UD4. On y va comment ?       | ou ne pas être convaincu ; être ou ne pas être perplexe ; être ou ne pas être dans la confusion ; être ou ne pas être sûr ; douter que+ subjonctif ; espérer que + subjonctif¿) L¿imparfait Le gérondif.  | 15             | 18         |          | X        |          |
| 5  | UD5. Et si j'y arrivais ?    | Parler de ses compétences. Les occupations. Les loisirs. L¿avenir : espoirs et craintes. Exprimer des hypothèses sur le futur (si + présent + futur simple) et sur le présent (si + imparfait + conditionnel) Le pronom relatif dont. La comparaison progressive : « de moins en moins », « de plus en plus », « de mieux en mieux », « de pire en pire ».  | 25             | 18         |          |          | X        |
| 6  | UD6. Parle-moi de ton bled ! | V. Préparer un voyage dans une région française<br>- Raconter son expérience de voyage : Parler des atouts de la région choisie (climat ; gastronomie ; patrimoine naturel et culturel ¿proposer des visite¿ ; l¿ambiance¿)<br>- Recommander cette destination au reste de la classe : Pourquoi devrions-nous y aller ?<br>Parler des habitudes de son pays les comparer à celles des Français. Un peu d¿argot. Quelques expressions idiomatiques. Approche au français familier et au verlan ou parler jeune<br>Exprimer la concession. Le plus-que-parfait. Expression de la durée : « Depuis (que) », « ça fait... que » et « dès que ». | 25             | 18         |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD                | Duración |
|----|-----------------------------|----------|
| 1  | UD1. On prend notre envol ! | 18       |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|                         |                        |    |   |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA1.1 - Extraer o sentido global e algúns detalles importantes de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, dos ámbitos persoal, educativo e público próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.  | Extraer cando menos o 50% do sentido global e dos detalles importantes.  | PE | 35 |
| CA1.2 - Comprender o esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais básicos, lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades cotiás, materias que se cursan etc.), expresada nun rexistro neutro nun repertorio básico de palabras e frases e, no caso da oralidade, se se fala con ritmo pausado e con claridade.   | Comprender cando menos o 50% do esencial en situacións de comunicación oral ou escrita.  |    |    |
| CA1.4 - Comprender descrições, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, e no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.   | Comprender cando menos o 50% das descrições, narracións, instrucións e opinións.   |    |    |
| CA1.8 - Redactar e difundir textos breves e sinxelos con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, usando estruturas e léxico básico de uso común, nun rexistro neutro, respectando as convencións ortográficas básicas, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital. | Redactar e difundir textos intelixibles e comunicativos, aínda que conteñan erros de léxico, morfosintaxe...   |    |    |
| CA1.9 - Completar formularios e documentos básicos nos que se solicite información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.  | Completar cun grao de corrección alto (75%) formularios e documentos básicos.  |    |    |
| CA2.4 - Utilizar os coñecementos, estratexias e experiencias das linguas do seu repertorio lingüístico para comprender e producir textos, e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.  | Ser quen de utilizar coñecementos, estratexias e experiencias das linguas do seu repertorio lingüístico para inferir significado. Valorar positivamente a súa competencia plurilingüe. | TI | 65 |
| CA1.3 - Aplicar as estratexias, recursos e coñecementos máis adecuados (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral, a información esencial e detalles relevantes dos textos, deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas; e interpretar elementos non verbais.  | Aplicar algunha das estratexias, recursos e coñecementos máis adecuados, en situacións comunicativas cotiás para inferir significados.   |    |    |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA1.5 - Buscar información en fontes confiáveis sobre temas de investigación de interese e persoal, educativo ou ocupacional considerando a selección das fontes de información adecuadas como parte esencial do proceso de investigación para o traballo ou proxecto que se está realizando.  | Facer un uso responsable das fontes de información.   |    |   |
| CA1.6 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos e comprensibles, previamente preparados, nun rexistro neutro ou informal, sobre temas cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias tales como a planificación, a compensación e a cooperación.  | Expresar oralmente textos intelixibles e comunicativos, facendo un uso eficaz dalgúns recursos verbais e non verbais, así como dalgunhas estratexias.   |    |   |
| CA1.7 - Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, expresando opinións, facendo invitacións e ofrecementos, solicitando e dando indicacións ou instrucións, ou os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender mediante estratexias de ampliación, repetición ou procedementos paralingüísticos.                                 | Producir textos comprensibles aínda que se cometan algúns erros e empregar algunha das estratexias adecuadamente.   |    |   |
| CA1.10 - Aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos sinxelos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, á persoa destinataria, e ás características contextuais.  | Ter consciencia da totalidade das estratexias, aplicalas na súa maioría eficazmente.  |    |   |
| CA1.11 - Participar en situacións interactivas de intercambios de información breves e sinxelos sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal elemental da cultura estranxeira, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.  | Facerse comprender e comprender cando menos no 50% das veces nas que participa en situacións interactivas breves e sinxelas.<br>Mostrar sempre respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital. |    |   |
| CA1.12 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o necesita e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.  | Interactuar intelixiblemente cando menos no 50% das veces. Pedir aclaracións sempre que o precise.  |    |   |
| CA1.13 - Interaccionar, utilizando os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos, relativos á vida cotiá, condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional), comportamento (posturas, expresións faciais, volume da voz, contacto visual e proxémica), e convencións sociais (actitudes, normas e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando empatía e a cortesía debida. | Interaccionar eficaz e axeitadamente cando menos no 50% das veces.  |    |   |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA1.14 - Utilizar en contornos próximos estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación; tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións.  | Utilizar as estratexias adecuadas cando menos no 50% das comunicacións.   |    |   |
| CA1.15 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.  | Ter consciencia da totalidade das estratexias traballadas e aplicalas na súa maioría.   |    |   |
| CA1.16 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.   | Amosar de xeito xeral esa actitude de respecto.   |    |   |
| CA2.1 - Inferir e explicar textos e conceptos breves, sinxelos e predicibles en situacións moi cotiás e familiares, e transmitir a terceiras persoas a información dun xeito simple, aínda que se deban usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas. | Explicar textos e conceptos breves e transmitir eficazmente a información, cando menos no 50% das ocasións.   |    |   |
| CA2.2 - Participar na solución de problemas de incomprensión e de entendemento no seu contorno próximo, debidos á diversidade sociocultural e lingüística, resumindo, simplificando ou explicando mensaxes ou hábitos socioculturais sinxelos e coñecidos, para crear pontes e facilitar a comprensión e a comunicación.                                      | Participar eficazmente na solución de problemas de incomprensión, resumindo, simplificando ou explicando mensaxes ou hábitos socioculturais sinxelos e coñecidos. |    |   |
| CA2.3 - Comparar e argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico, reflexionando sobre o seu funcionamento.   | Comparar e argumentar, cando menos, similitudes e diferenzas claras (léxico, fonética, estruturas morfosintáxicas...).  |    |   |
| CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos co outros participantes.                                      | Identificar satisfactoriamente a maioría dos progresos e dificultades na aprendizaxe. Aplicar e compartir novas estratexias de logro.                             |    |   |
| CA2.6 - Valorar a adquisición dunha competencia plurilingüe suficiente, sen necesidade de alcanzar niveis de competencia iguais nin similares aos que posúe na súa lingua primeira ou máis usada.   | Valorar positivamente a adquisición dunha competencia plurilingüe suficiente.   |    |   |
| CA3.1 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, rexeitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.  | Participar habitualmente nos proxectos, rexeitando o 100% dos estereotipos discriminatorios e prexuzosos. Valorar positivamente a súa competencia plurilingüe.    |    |   |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA3.2 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, identificando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo, e recoñecendo valores ecosociais, como a equidade, a reciprocidade e a solidariedade, como vías de solución. | Amosar empatía e respecto en todas as situacións interculturais.<br>Rexeitar o 100% dos casos de discriminación e prexuízos.<br>Recoñecer os valores ecosociais como vías de solución.              |    |   |
| CA3.3 - Incorporar a crítica e a reflexión para adquirir valores, como o respecto á diversidade lingüística, á igualdade e á inclusión, e desenvolver unha visión empática para convivir nunha sociedade intercultural.  | Adquirir valores, como o respecto á diversidade lingüística, á igualdade e á inclusión incorporando a crítica e a reflexión.<br>Desenvolver unha visión empática para a convivencia intercultural.  |    |   |
| CA3.4 - Identificar os aspectos cognitivos, afectivos e comportamentais que forman parte da competencia lingüística e da competencia cultural, valorando o plurilingüismo como salvagarda das especificidades culturais.   | Saber identificar aspectos cognitivos, afectivos e comportamentais da competencia lingüística e da competencia cultural.<br>Valorar o plurilingüismo como salvagarda das especificidades culturais. |    |   |
| CA3.5 - Valorar positivamente a diversidade cultural a través do uso activo de linguas, saberes e coñecementos de procedencia cultural distinta co obxectivo de contribuír á cohesión social desde valores ecosociais.   | Valorar positivamente a diversidade cultural a través do uso activo de linguas, saberes e coñecementos de procedencia cultural distinta.  |    |   |
| CA3.6 - Valorar criticamente, desde a consideración dos dereitos humanos, as manifestacións culturais (linguas, costumes, tradicións, crenzas relixiosas etc.) dos países nos que se fala a lingua estranxeira, e as múltiples formas de organización social que reflicte a diversidade cultural.  | Valorar criticamente as manifestacións culturais dos países nos que se fala a lingua francesa, e as múltiples formas de organización social que reflicte a diversidade cultural.                    |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Manifestación de autoconfianza. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais contextualizados.</li> <li>- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás (explicar costumes, manifestacións culturais, relacións familiares ou de amizade, relacións laborais).</li> <li>- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: iniciar, manter e finalizar intercambios comunicativos; presentar e presentarse; describir as características máis significativas de persoas, obxectos e lugares; intercambiar información concreta sobre temas coñecidos e próximos á súa experiencia; situar acontecementos no tempo, expresar a cantidade e a situación no espazo. Dar e comprender instrucións e ordes predicibles; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, facer proposicións ou suxestións de forma moi sinxela; expresar o gusto ou o interese e emocións básicas; enlazar frases con conectores de uso común para narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciado sucesos futuros; expresar a opinión e a posibilidade; dar explicacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións básicas; expresar en textos sinxelos a posibilidade e a dúbida; e resumir.</li> <li>- Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso moi común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, considerando as características e recoñecemento do</li> </ul> |

## Contidos

- contexto (participantes e situación), a organización e a estruturación segundo o xénero (narrativo, descritivo, instrutivo e explicativo), a función textual e a estrutura.
- Utilización de unidades lingüísticas de uso moi común e significados asociados a estas, tales como a expresión da entidade (obxectos, persoas, ideas, estados, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), a cantidade e a calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (distancia, dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (anterioridade, secuencia...), formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, e relacións lóxicas máis habituais.
- Utilización de léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación, formación e sistema escolar.
- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións, procesos fonolóxicos máis básicos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración, e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración (coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas) e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais básicas e de uso máis común, en formato síncrono o asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións básicas, reformular, comparar, resumir, colaborar etc.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas do repertorio lingüístico propio.
- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar) tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e logra unha competencia comunicativa integrada.
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Manifestación de autoconfianza. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais contextualizados.</li> <li>- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás (explicar costumes, manifestacións culturais, relacións familiares ou de amizade, relacións laborais).</li> <li>- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: iniciar, manter e finalizar intercambios comunicativos; presentar e presentarse; describir as características máis significativas de persoas, obxectos e lugares; intercambiar información concreta sobre temas coñecidos e próximos á súa experiencia; situar acontecementos no tempo, expresar a cantidade e a situación no espazo. Dar e comprender instrucións e ordes predicibles; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, facer proposicións ou suxestións de forma moi sinxela; expresar o gusto ou o interese e emocións básicas; enlazar frases con conectores de uso común para narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciado sucesos futuros; expresar a opinión e a posibilidade; dar explicacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións básicas; expresar en textos sinxelos a posibilidade e a dúbida; e resumir.</li> <li>- Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso moi común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, considerando as características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), a organización e a estruturación segundo o xénero (narrativo, descritivo, instrutivo e explicativo), a función textual e a estrutura.</li> <li>- Utilización de unidades lingüísticas de uso moi común e significados asociados a estas, tales como a expresión da entidade (obxectos, persoas, ideas, estados, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), a cantidade e a calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (distancia, dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (anterioridade, secuencia...), formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, e relacións lóxicas máis habituais.</li> <li>- Utilización de léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación, formación e sistema escolar.</li> <li>- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións, procesos fonolóxicos máis básicos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración, e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.</li> <li>- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración (coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas) e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.</li> <li>- Utilización de convencións e estratexias conversacionais básicas e de uso máis común, en formato síncrono o asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións básicas, reformular, comparar, resumir, colaborar etc.</li> <li>- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.).</li> </ul> |

## Contidos

- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas do repertorio lingüístico propio.
- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar) tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.í).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e logra unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación interpersonal e internacional, fonte de información, e ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos, a través de diferentes medios, con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos etc.; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Utilización de estratexias de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía aplicada nas clases de segunda lingua estranxeira, guíaranse polos seguintes puntos:

- Activa e participativa, favorecendo tanto o traballo individual do alumnado como o cooperativo, fomentando o traballo autónomo e a autoavaliación, de cara a procurar os progresos.
- Aprendizaxe significativa, de modo que as novas adquisicións do estudante enlacen cos coñecementos previos, tanto do seu repertorio lingüístico como do mundo, para dar lugar a reestruturacións mentais cada vez máis inclusivas, amplas e ricas.
- Aprendizaxe funcional, segundo o cal as actividades de ensino-aprendizaxe parten de situacións reais, académicas e

sociais, e retornan a elas en formas diversas de aplicación científica, técnica, social, etcétera.

- Recursos didácticos diversos e fontes de información variadas, coa intención de chegar ás preferencias, gustos e habilidades dun maior número de alumnado, e ofrecer unha visión o máis ampla posible das culturas que vehicula a lingua estranxeira.

- Aprendizaxe lúdica. Na medida do posible as actividades levadas a cabo terán unha compoñente lúdica, de cara a crear un clima de traballo positivo, favorecendo que o alumnado demande máis traballo-xogo e, en consecuencia, a aprendizaxe progresa cun ritmo e profundidade maior.

- Métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.

- Emprego do francés como lingua vehicular na maior parte dos contextos posibles, tanto nas interaccións orais como nas escritas, favorecendo que o alumnado tamén a empregue para dirixirse ao profesorado, mais tamén aos seus iguais.

- Metodoloxía de proxectos, para unha adquisición eficaz das competencias. Diseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

- Interdisciplinabilidade. Implementaranse proxectos comúns a varias materias, que contribúan á adquisición de contidos de todas elas e poidan ser avaliados baixo diferentes aspectos, contribuíndo no alumnado á percepción dun ensino máis global e coherente e rentabilizando o seu traballo e esforzo.

- Reflexión sobre o funcionamento da lingua, encamiñándoa a que o alumnado poida utilizar os coñecementos adquiridos sobre o novo sistema lingüístico como instrumento de control e autocorrección das producións propias e como recurso para comprender mellor as alleas.

- Tratarase o erro como un elemento necesario no proceso de aprendizaxe, evidenciando que calquera falante e aprendiz dunha lingua estranxeira os comete. Levaranse a cabo correccións conxuntas e sistemáticas das producións realizadas no grupo ou producións alleas, mostrando que a detección de erros contribúe a evitar os propios. Valorarase positivamente a expresión, mesmo con erros ou recurso a outras linguas, fronte á non expresión (silencio).

- Coa finalidade de promover a comprensión lectora adicárase un tempo á lectura, así como actividades directamente ligadas ao fomento da lectura e á adquisición da competencia lingüística na súa vertente escrita (fotonovelas, banda deseñada, actividades de escritura e lectura en redes sociais, lecturas recomendadas, etc.). Estas actividades, e outras que poidan xurdir, inclúense no plan lector do centro.

- Disposición da aula en pequenos grupos, o que facilita a interacción visual, a cooperación e promove unha mellor comunicación. Desaparecen por outra banda os lugares privilexiados de "diante-atrás", asimilados con frecuencia ao alumnado con mellor-peor rendemento e/ou actitude na aula.

- Recursos dixitais: Farase un uso cotiá da aula virtual, presentando material explicativo, tarefas a realizar, probas, etc. Propóranse proxectos que requiran documentarse ou apoiarse en ferramentas dixitais para a súa exposición, contribuíndo así á adquisición da competencia dixital, entre outras.

- No marco dun proxecto de intercambio en liña/presencial cun centro educativo estranxeiro, procurarase desenvolver destrezas comunicativas tanto receptivas como produtivas. A realización do proxecto previo e entorno ao intercambio e outros proxectos suporán tamén unha oportunidade importante para o traballo coas ferramentas dixitais.

- A integración da preparación de probas de certificación (DELF Scolaire) resulta nunha mellora das destrezas lingüísticas e nun incremento da motivación do alumnado .

- A materia contribúe á competencia plurilingüe ofrecendo oportunidades para interactuar en situacións comunicativas e para reflexionar sobre a linguaxe en xeral a través da comparación entre as distintas linguas que se están a aprender (TIL - Tratamento Integrado das Linguas). O recoñecemento e a aprendizaxe progresiva das regras de funcionamento do sistema interno da lingua estranxeira, a partir das linguas que se coñecen, mellorará a

adquisición desta competencia.

- De ser o caso, contar coa asignación dunha persoa auxiliar de conversa sería un elemento clave para acercar a realidade cultural e lingüística francófona ao noso alumnado e para facilitar a expresión oral. Achegaría a cultura dos países francófonos, reforzando a compoñente de multiculturalidade.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación  |
|---|
| Material de elaboración propia  |
| Documentos auténticos   |
| Aula virtual  |
| Páxinas web vinculadas ao FLE   |
| Dicionarios en liña   |
| Recursos dixitais (tradutores, conxugadores...)   |
| Xogos comerciais e de elaboración ou creación propias aplicables á materia                |
| Cartelería  |
| Probas tipo DELF e outras certificacións (depende da organización das clases polo centro) |

- Non se usará ningún manual de referencia, achegándolle ao alumnado en cada momento a documentación precisa para desenvolver a súa actividade de ensino-aprendizaxe. Adaptando o material ás necesidades do grupo-clase en cada etapa do seu proceso.

- Completaranse as explicacións, tarefas de ampliación e/ou reforzo con material de elaboración propia, podendo así adaptalo aos requirimentos do grupo e a cada alumno/a, se así o chegase a precisar..

- Farase igualmente uso de documentos auténticos, escollidos ad hoc por temática e nivel de dificultade lingüística. Concretamente, o uso deste tipo de material conecta o alumnado coa realidade cultural e lingüística da materia e constitúe un elemento motivador en si mesmo, no que radica a súa valía.

- A aula virtual servirá de plataforma de referencia e consulta permanente: explicacións, tarefas, avisos, comunicación entre iguais e co(a) docente.

- Farase uso de páxinas web e aplicacións vinculadas ao FLE (ou non) como fonte de práctica (exercicios en liña), de lectura e información (prensa, redes sociais, etc.), de consulta (dicionario, tradutores, conxugadores, etc.), xogos e instrumentos de avaliación (Kahoot, Plickers, etc.).

- Empregarase opcionalmente na aula xogos elaborados expresamente para a práctica na aula, pensados para a adquisición dalgún contido, mais tamén usaranse aqueles xogos comerciais que poidan servir ao mesmo fin.

- Expoñerase na aula cartelería que sirva para motivar ao alumnado, lembrar aspectos lingüísticos e culturais que se constatan curiosos ou que gardan certa dificultade de adquisición, imaxes vinculadas ás culturas que vehicula a lingua estranxeira, etc.

- Levaranse a cabo actividades e probas segundo modelos das probas de certificación do DELF scolaire da Alliance Française e das Escolas Oficias de Idiomas para avaliar o grado de consecución das diferentes destrezas. Permitirase deste xeito o diagnóstico de niveis e diferenzas entre as competencias e os perfís de aprendizaxe verase facilitado polo uso das numerosas ferramentas de avaliación.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

- Dedicaráselle á avaliación inicial as catro (4) primeiras sesións do curso. Neste nivel educativo é importantísimo saber cal é o perfil de partida de cada estudante dado que na aula poden existir e existen niveis moi diferentes xa que o Francés Segunda Lingua Estranxeira non é unha materia obrigatoria en 3º de ESO. Ademais dáse a casuística de que algún estudante nunca curso Francés Lingua Estranxeira
- Para que teñan a finalidade que se lle quere dar desde este departamento á avaliación inicial ou diagnóstica, procederase a unha corrección grupal da mesma.
- Proporase unha rúbrica de autoavaliación, que se volverá empregar ao longo do curso, podendo constatar os progresos realizados.
- Levaranse a cabo actividades -individuais e grupais- que permitan avaliar o grao de adquisición das cinco destrezas: comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e mediación.
- Proporase algunha proba, similar ás do DELF escolar, ben dun nivel correspondente ao fixado ao remate do curso anterior (de cara a constatar se o grao de adquisición é o requirido para comezar o curso), ben do nivel correspondente ao perfil de saída do presente curso (de cara a mostrar ao alumnado o camiño que queda por percorrer, salientando aquelas destrezas nas que o nivel é máis alto e, polo tanto, a distancia a salvar menor). Ben unha proba combinando a un tempo o nivel correspondente ao fixado ao remate do curso anterior e aquel correspondente ao perfil de saída do presente curso.
- Dedicarase á avaliación inicial as catro (4) primeiras sesións do curso -podéndose prolongar- que servirán a un tempo de repaso e de presentación da materia para aquel alumnado que non teña cursado ningún ano de francés ou tan só os dous primeiros anos nos que a segunda lingua estranxeira e obrigatoria.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica             | UD 1      | UD 2      | UD 3      | UD 4      | UD 5      | UD 6      | Total      |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/<br/>Tipo Ins.</b> | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>15</b> | <b>15</b> | <b>25</b> | <b>25</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>          | 35        | 35        | 35        | 35        | 35        | 35        | <b>35</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b>   | 65        | 65        | 65        | 65        | 65        | 65        | <b>65</b>  |

### Criterios de cualificación:

Teranse en conta os criterios de avaliación que figuran no punto 3.3 esta programación, para cada unha das UD.

a) Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, a avaliación é continua, progresiva e sumativa. O valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación.

b) Levaranse a cabo probas e tarefas de orde diverso que permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos e contidos nas cinco destrezas. Teranse en conta os criterios de avaliación que procedan de entre os seguintes: 1.1, 1.2, 1.4, 1.6, 1.7, 1.8, 1.9, 1.11, 1.12, 1.13, 2.1 e 2.2.

Entre as probas, proporanse probas escritas de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e mediación, probas de adquisición de léxico e conxugación, probas de pronuncia, etc.

Entre as tarefas, proporase a realización e exposición de traballos monográficos, nos que se valorarán diversos aspectos dependentes da unidade didáctica na que se encaixen que serán previamente definidos e figurarán na aula virtual a disposición do alumnado.

c) As probas e tarefas valoraranse de 0 a 20 puntos, tendo unha ponderación diferente dentro da unidade didáctica segundo as súas particularidades. A ponderación será anunciada ao alumnado antes da súa realización e figurará na aula virtual.

d) Elaborarase unha táboa de indicadores que permita avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos seguindo os criterios de avaliación que se enumeran a continuación: 1.3, 1.5, 1.10, 1.14, 1.15, 1.16, 2.3, 2.4, 2.5, 2.6, 3.1, 3.2, 3.3, 3.4, 3.5 e 3.6.

Para encher esta táboa de indicadores recurrirase á observación directa na aula e á "trace écrite".

e) A cualificación da avaliación ordinaria obterase da suma das cualificacións trimestrais ponderadas segundo se recolle nesta programación (20% - 30% - 50% respectivamente).

f) A cualificación trimestral obterase da media aritmética das cualificacións obtidas nas dúas unidades didácticas traballadas en cada trimestre.

g) A cualificación de cada unidade didáctica obterase da suma das cualificacións ponderadas das probas e tarefas realizadas en cada unidade.

h) O redondeo farase á alza á unidade inmediatamente superior, sempre que se cumpran os seguintes requisitos (todos):

- A décima da nota real resultante da ponderación deberá ser igual ou superior a 5.

- Sempre que non se teñan 3 ou máis faltas de deberes, actividades de aula e/ou tarefas acumuladas no trimestre.

- Ter entregado todas as tarefas e proxectos requiridos en cada trimestre en tempo e forma, fundamentalmente o traballo escrito do trimestre que deberá seguir as indicacións contidas no caderno TIL do centro. Esencial será tamén ter realizada a proba de expresión oral trimestral.

#### **Criterios de recuperación:**

a) Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, o valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación.

b) Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumno ou da alumna non sexa o axeitado, tratando de garantir a consecución dos obxectivos imprescindibles para continuar o proceso de aprendizaxe.

c) Rematada a avaliación final/ordinaria, o alumno ou a alumna que non acadase o 5 sobre 10 no cálculo da cualificación desta avaliación ordinaria será un estudante que poderá obter igualmente o título da ensinanza secundaria obrigatoria Sempre que teña avaliación negativa só nesta materia ou nesta e noutra (un máximo de dúas).

Ou no caso de que o alumno ou a alumna teña superado alomenos o 60% das materias troncais (Xeografía e Historia, Lingua Galega e Literatura, Lengua Castellana y Literatura; Primeira Lingua Estranxeira e Matemáticas Académicas ou

Aplicadas) e teña seguido regularmente o 65% da carga horaria das materias nas que está matriculado/a.

De non ser o caso e non ter repetido máis de dúas veces na ESO o alumnado permanecerá no mesmo curso como medida de carácter excepcional. Ademais sempre dede forma excepcional o alumnado poderá permanecer un ano máis neste cuarto curso (prolongando nun ano o límite de idade previsto), sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Enténdese atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

En consonancia coas medidas que a lexislación prevé que o equipo directivo, o profesorado titor e os servizos de orientación deben observar, como profesorado específico da materia de segunda lingua estranxeira cómpre levar a cabo estas outras:

- a) A colaboración co profesorado titor e coa xefatura do Departamento de Orientación na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.
- b) A utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, informando ao profesorado titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.
- c) A consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa.
- d) A participación nas estratexias de coordinación entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado titor.

As medidas de atención á diversidade (MAD) deben ter un carácter preventivo e compensador. A primeira delas será a avaliación inicial, que constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Esa avaliación ten como principais finalidades adaptar as ensinanzas á alumna ou ao alumno e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan.

Segundo o perfil do alumnado, a atención á diversidade concretarase coas seguintes medidas:

- a) O alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Porase en marcha un plan específico personalizado co fin de adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumnado, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado incluírá a identificación da alumna ou do alumno, a relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso, as medidas ordinarias aplicadas no curso anterior, as estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento, os recursos necesarios para o desenvolvemento do plan e, de ser o caso, a oferta de medidas extraordinarias.

As familias serán informadas deste plan, podendo acreditalo.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

- b) O alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Por tratarse dunha segunda lingua estranxeira, é altamente probable que o alumnado cun retraso madurativo, con trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación fose proposto para unha exención nos dous primeiros cursos da ESO. Porén, é probable atopármonos con alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe (TDAH,

TDA, TEA, DEA etc.).

- Adoptarase un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente nun momento posterior de traballo, favorecendo así que o alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe acade os obxectivos por abordar os contidos reiteradamente.

- Os materiais, instrumentos de avaliación e tempos de execución adaptaranse: tipo e tamaño das fontes, cores, espaciado, distribución no papel, material audiovisual complementario, etc.

- Sempre que sexa posible, levaranse a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.

- Este alumnado situarase estratexicamente na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e minimizar as súas fontes de dispersión.

c) O alumnado con necesidades educativas especiais.

Na medida en que este alumnado, que afronta barreiras que limitan o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, escollen cursar esta segunda lingua estranxeira, poranse en marcha apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

- A lexislación prevé que as Administracións educativas doten este alumnado do apoio preciso desde o momento da súa escolarización ou da detección da súa necesidade, polo que, DE SER O CASO sempre que faciliten, estes recursos poranse á disposición do alumnado.

- Impartiranse as clases de maneira que o alumnado con algunha discapacidade física poida acceder aos materiais, explicacións, tarefas, instrumentos de avaliación de xeito normalizado, sen que a súa discapacidade supoña un impedimento. (Ex. material visual e tarefas escritas para o alumnado con problemas de audición, material manipulativo e sonoro para o alumnado con problemas de visión, naturalmente co apoio da Fundación Once, material adaptado dixitalmente para o alumnado con problemas motrices e dificultades para a escrita, etc.)

- Implicarase o alumnado con necesidades derivadas de trastornos graves da comunicación e da linguaxe nas mesmas tarefas que o resto do grupo aínda que con distintos niveis de apoio e esixencia, favorecendo así a súa integración no grupo.

- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.

d) O alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural

Cando se presenten desigualdades derivadas de factores sociais e familiares, de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e os propios centros docentes deberán asegurar a eliminación das barreiras, evitando a segregación deste alumnado no propio centro docente.

- De ser preciso, proporcionaráselle, nalgúns casos en calidade de préstamo, o material, funxible ou non, que requira para seguir con normalidade o discorrer das clases (ex. libros de texto, material funxible, fotocopias a custe cero, dispositivos e mesmo conexión a Internet).

- De ser preciso, ofreceráselle explicacións e material adicional que poidan contribuír a reducir ou facer desaparecer as desigualdades en orixe.

- De ser preciso, xestionarase a participación deste alumnado nas actividades complementarias e extraescolares que o Departamento organice.

- Na medida do posible, porase en valor transversalmente a orixe xeográfica, étnica ou cultural deste alumnado.

- Na medida do posible, evidenciaranse transversalmente os aspectos en común entre este alumnado e o resto do grupo de referencia (ex. idade, lugar de residencia, gustos musicais, etc.), favorecendo a integración e cohesión do grupo.

- Farase un seguimento estreito da asistencia, rendemento, hixiene, alimentación, etc. deste alumnado, informando rigorosamente ao profesorado titor.

e) O alumnado con altas capacidades intelectuais.

Este alumnado caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia. Adoita ter un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese. Cómpre, por tanto, identificalas.

- Adaptaranse as explicacións e os materiais, aportando complexidade e profundidade na medida en que sexan adquiridos.

- Proporanse actividades similares ás do grupo de referencia, aínda que cun grao de complexidade ou extensión superior, atendendo as demandas de carácter máis profundo do alumnado con niveis de partida máis avanzados ou cun interese maior sobre o tema estudado, evitando así a desmotivación.

- Evitaranse as tarefas repetitivas, que adoitan incidir negativamente no nivel de motivación, promovendo as que medren en complexidade e sexan variadas en temática e soporte.

- Na medida do posible, integraranse as áreas de interese deste alumnado na temática dos materiais e proxectos.

- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.

- Proporáselle tarefas de ampliación que apelen á creatividade.



f) O alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.

Este alumnado adoita presentar dificultades para acadar os obxectivos e as competencias que lle corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfasamento curricular.

É moi posible que este alumnado xa fose proposto para unha exención da segunda lingua estranxeira nos dous primeiros cursos da ESO. De non ser así, e seguir cursando a materia en 3º ESO, pode ser necesario aplicar algunha das MAD relacionadas a continuación:

- Adaptar os materiais e as explicacións, aportando máis das usuais para así paliar as carencias que poidan existir e reducir as distancias co grupo de referencia.

- Sempre que sexa posible, levar a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.

- Situar estratexicamente este alumnado na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e procurarlle certo apoio dos iguais.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|--|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Dereitos da infancia  |      | X    | X    |      | X    | X    |
| ET.2 - Igualdade de xénero e coeducación                                 | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - Aprendizaxe reflexiva, significativa e competencial personalizada | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - Educación para o desenvolvemento sostible                         |      | X    |      |      |      | X    |
| ET.5 - Educación para a saúde, tamén emocional e sexual                  |      | X    | X    |      | X    | X    |
| ET.6 - Comprensión de lectura  | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.7 - Expresión oral e escrita  | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.8 - Comunicación audiovisual  | X    | X    |      | X    | X    | X    |
| ET.9 - Competencia dixital   | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.10 - Emprendemento social e empresarial (FOP 4ºB)                     | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.11 - Fomento do espírito crítico e científico                         | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.12 - Educación emocional e en valores                                 | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.13 - Creatividade   | X    | X    | X    | X    | X    | X    |

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade  | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Momentos de lectura   | Durante todo o ano lectivo dedicárase parte das sesións de aula a practicar a lectura comprensiva en voz alta contribuíndo dese xeito tanto a mellorar a capacidade de expresión incorporando novo vocabulario, traballar a entoación, corrixir a fonética da lingua estranxeira e afirmar a confianza en si mesmos/as. Non se proporán lecturas adaptas como tal dado que se lles ofrecerán documentos preparados ex profeso que respondan ou ben ás necesidades do proceso de ensino e aprendizaxe deste nivel ou ben as demandas e/ou intereses do alumnado. Sobre estas últimas lecturas faranse probas de comprensión orais e escritas.              | X        | X        | X        |
| eTwinning programa europeo  | Este curso o alumnado de 4º de ESO comezará a desenvolver xunto co alumnado de centros húngaros, alemáns e franceses, un proxecto que culminará no curso 2025-2026 cunha xuntanza en Bruxelas, Frankfurt ou Estrasburgo para a presentación e promoción dunha "Charte anti séxiste" realizada a varias mans entre todos os interlocutores. Este compromiso leva a traballar sobre a igualdade entre rapazas e rapaces, realizar videoconferencias cos iguais principalmente franceses, visionado de películas sobre a temática da igualdade (tanto españolas como húngaras, francesas e alemanas) dado que o proxecto contempla un festival de películas. | X        | X        | X        |
| Échange réunionnais - Projet en ligne                               | Dentro do proxecto de eTwinning, estableceuse outro pequeno proxecto cun centro da illa de Reunión para traballar sobre as grandes mulleres na historia, tanto galegas como españolas e reunionesas (francesas) en colaboración co departamento de Historia. Todos os intercambios van ser realizados polo alumnado en francés. A longo prazo incluso se baralla a posibilidade dun intercambio.  | X        | X        | X        |
| Les fêtes en France (Noël - Carnaval - Poisson d'Avril - Pâques...) | Co gallo das diferentes festividades levaremos a cabo un labor de estudo das costumes dentro do territorio da francofonía, fundamentalmente en Francia, comparándoas coas nosas: semellanzas e diferenzas. Ao tempo traballaremos o léxico relacionado con cada unha delas e traballaremos o seu desenvolvemento ao longo da historia. Para poder darlle visibilidade no resto co Centro, levaranse a cabo diferentes tarefas manuais que acompañen á teoría para que poidan ser expostas.  | X        | X        |          |

| Actividade   | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| Conte avec moi par Samuel Mountounnjou               | Representación no propio centro a cargo do formador e contacontos Samuel Mountounnjou para 3º e 4º de ESO ¿Le sage Adaka¿ (relación cos demais) e ¿Dans la ferme¿ (solidariedade) e para 1º e 2º de bacharelato ¿C¿est qui le roi¿ (hospitalidade) e ¿Le lion, la hyène et la brebis¿ (igualdade e respecto). Representación na que o alumnado espectador que previamente traballou o vocabulario dos contos interactúa en francés e actúa escenificando os personaxes dos diferentes relatos. Ao mesmo tempo a actividade traballa elementos transversais fundamentais e todo iso na lingua estranxeira.  | X        |          |          |
| Teatro/cine en francés                               | Se hai unha oferta adecuada e o prezo da entrada xunto ao custo do desprazamento non sexa excesivo para o alumnado, acudirase ver algunha obra teatral en francés. O que si ten intención de facer este departamento e de propoñerlle ao alumnado algunhas películas francesas en VOS que serán traballadas antes e despois da súa visualización.  | X        | X        | X        |
| Chandeleur   | O venres 2 de febreiro celebrárase a Chandeleur en Francia. Ao redor desta data traballaremos sobre a orixe da celebración e por suposto sobre a rexión de Bretaña. Tamén se proporán varias receitas das famosas crêpes e se animará ao alumnado a facer un pequeno concurso gastronómico.  |          | X        |          |
| Semaine de la langue française et de la francophonie | Dado que a data oficial é do 16 ao 24 de marzo 2024, e que o calendario de avaliacións marca o 20 e 21 de marzo para realizalas, este ano pasaremos as actividades para principios de abril, despois das vacacións de Semana Santa. Para iso propoñemos diferentes actividades todas elas vencelladas á lingua e cultura francesas: visualización de películas ou curtas, videoconferencias con falantes nativos en lugares diversos. Aproveitaremos para coñecer algo máis da OIF e para facer algúns cartaces que lle dean visibilidade aos diferentes lugares onde o francés é lingua oficial, de ensino ou intercambios.   |          |          | X        |
| Fête de la musique                                   | Este ano lectivo a data coincide coa finalización do curso así que a súa celebración vai depender do calendario. Segundo as necesidades levarase a cabo ou non, sobre todo tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado (que estará coas probas finais) e do profesorado (de francés obviamente, de música e de todas aquelas materias da que depende esta actividade). 21 de xuño. Iniciativa xurdida en Francia 1982 que se recreará no centro, en colaboración co Departamento de Música e outros que desexen vincularse. Crearanse diferentes puntos no centro onde escoitar música, bailar e tocar, recreando o que se podería ver nesta data en calquera punto de Francia. |          |          | X        |

| Actividade   | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| Actividades, exposicións, certames ou actos culturais                        | O Departamento de Francés está disposto a organizar a asistencia do alumnado a todo tipo de actividades, exposicións, certames ou actos culturais que poidan ter relación co estudo da lingua estranxeira e que teñan lugar durante o curso académico.   | X        | X        | X        |
| Xogos, exposicións, actividades e concursos                                  | O Departamento manterase atento ás distintas convocatorias de xogos, exposicións, actividades e concursos promocionados por distintos organismos para a promoción das linguas estranxeiras.  | X        | X        | X        |
| Colaboracións  | Participación en todos aqueles proxectos que supoñan unha situación de aprendizaxe plurilingüe que se lle propoñan a este departamento.  | X        | X        | X        |
| Metodoloxía AICLE (Aprendizaxe Integrado de Contidos e Linguas Estranxeiras) | No marco desta metodoloxía, para poder explorala e promovela, o departamento de Francés colaborará co departamento de Normalización, e por tanto, con todos os departamentos que integren este proxecto, na creación dun dicionario visual. No se trata dunha unidade didáctica senón dun proxecto que se estenderá varios cursos. | X        | X        | X        |

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro  |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico        |
| Resultados de avaliación.   |
| Nivel de satisfacción do alumnado.  |
| Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. |
| Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.         |
| O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.            |
| Adecuación da secuenciación dos CA para cada unha das unidades, temas ou proxectos.                   |
| Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada CA.   |
| Asignación a cada CA do peso correspondente na cualificación.   |
| Vinculación de cada CA a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.                             |
| Asociación de cada CA cos elementos transversais a desenvolver.                                       |
| Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.               |
| Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos CA.                                 |

|   |
|---|
| Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, proxectos, etc.     |
| Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.                                    |
| Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.                           |
| Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.                 |
| Adecuación de probas e taboa de indicadores, tendo en conta o valor de cada CA.                   |
| Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados ás CA.                           |
| Grao de desenvolvemento das actividades complementarias previstas.                                |
| Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.                         |
| Metodoloxía empregada   |
| Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.                            |
| Adecuación da secuencia de traballo na aula.  |
| Adecuación dos materiais didácticos utilizados.   |
| Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dunha proba e dunha avaliación.         |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos  |
| Grao de integración da competencia dixital no desenvolvemento da materia.                         |
| Medidas de atención á diversidade   |
| Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.                              |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais              |
| Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación e instrumentos. |
| Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.              |
| Outros  |
| Adecuación do libro de texto.   |
| Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.                    |
| Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.  |

### Descrición:

a) Enquisa: Ao final de cada avaliación e, especialmente, na avaliación final, farase un balance global dos resultados obtidos no proceso de ensino e aprendizaxe, o grao de cumprimento dos obxectivos, as necesidades e carencias, os erros e acertos e, en definitiva, unha valoración completa da propia avaliación e da programación. Proporase unha enquisa ao alumnado de cada grupo no que se imparte a materia.

Mediante esta enquisa, preténdese acadar información sobre o grao de satisfacción do alumnado respecto dos seguintes temas:

- o material proporcionado (en todos os soportes).
- a práctica docente.

- os instrumentos de avaliación.
- os tempos asignados para a realización das probas.
- os tempos de corrección.
- o sistema de puntuación e corrección.

b) Autoavaliación: Tamén se pretende fomentar a reflexión no alumnado sobre a súa propia aprendizaxe. Neste sentido, é preciso recoller información sobre:

- percepción da súa progresión.
- tempo de dedicación á aprendizaxe da materia.
- estratexias empregadas na aprendizaxe da materia.

Coa autoavaliación preténdese:

- 1) Fomentar a coordinación do profesorado.
- 2) Mellorar a formación docente.
- 3) Reforzar as medidas de atención a diversidade.
- 4) Crear unha cultura autoavaliadora.

c) Revisión e melloras: O Departamento levará de maneira conxunta e consensuada unha reflexión das medidas de mellora a implantar de cara ao vindeiro curso que serán reflectidas na Memoria Final do Departamento.

Os mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica son de dous tipos:

1. Unha avaliación de progreso:

- a) Comprobarase como se produce realmente o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do centro.
- b) Valorarase tal axuste nas reunións do Departamento de Francés e nas reunións de avaliacións e, no caso de resultar pouco axeitado, modificarase durante o transcurso do ano académico.

2. Unha avaliación final:

- a) Prestarase moita atención á porcentaxe de alumnado que, na súa avaliación final, non supere a materia Segunda Lingua Estranxeira: Francés en cada curso.
- b) Os erros detectados recolleranse na memoria final de curso como propostas de mellora para a elaboración da programación do vindeiro curso académico.

d) Memoria final: Para esta autoavaliación, cómpre elaborar unha Memoria final, que inclúa:

- Enumeración das actividades realizadas e o seu grado de eficacia e cumprimento.
- Unha síntese reflexiva sobre os logros conseguidos.
- As dificultades atopadas.
- Os factores que influíron nas dificultades.
- Os aspectos que será preciso modificar e/ou mellorar.
- As propostas de innovación necesarias.
- Unha valoración dos resultados da enquisa proposta.
- As medidas de atención á diversidade utilizadas.
- Valoración da metodoloxía empregada.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

### **REUNIÓNS DE DEPARTAMENTO**

Cunha periodicidade mensual, o Departamento reunirse para, entre outros asuntos, facer o seguimento e as coordinacións oportunas para levar a cabo a aplicación da programación. Levantarase acta.

Este departamento ten a necesidade de reunirse, sen levantar acta, entre dúas e tres veces semanais dado que traballa con material de desenvolvemento propio e non con libro de texto. Nestas xuntanzas:

- Ponse en común o material para cada nivel de ensinanza.
- Fálase dos atrancos atopados nos grupos-clase e búscanse solucións para remedialos

- Tómase nota das posibles problemáticas atopadas con alumnas e alumnos que precisen da intervención do departamento de Orientación, da Xefatura de Estudos ou da Dirección.
- Distribúense as tarefas do departamento de Francés na súa contribución ao grupo de traballo Til do que forman parte ambas docentes.
- Tómanse decisión respecto da aplicación da programación nos diferentes grupos-clase.
- Achéganse as modificacións necesarias respecto dos contidos ou dos instrumentos de avaliación para o mellor desenvolvemento do proceso do ensino aprendizaxe de cada grupo-clase.
- Organízanse as actividades complementarias e lévase a cabo a memoria das que xa tiveron lugar para a súa posterior entrega á Vicedirección.

#### INFORME TRIMESTRAL DO ALUMNADO REPETIDOR

Este departamento remitiralle dúas veces por avaliación –agás na terceira que só se fará unha vez- ao titor do grupo, un informe (PEAR) sobre todo aquel alumnado que curse Segunda Lingua Estranxeira: Francés e que estea repetindo curso. Isto será así mesmo se o alumnado en cuestión ten a materia de Francés superada do curso anterior.

#### PROENS

O profesorado fará o seguimento da programación a través da aplicación Proens. Como xa se fixo para a elaboración desta programación. En reunión de Departamento fixarase que docente se encargará de facer o seguimento na aplicación para cada nivel.

Ao remate de cada UD deixarase constancia das datas de inicio e remate previstas inicialmente, así como do número de sesións empregadas para o seu desenvolvemento, do grao de cumprimento, dos resultados, das propostas de mellora e, de habelas, das variacións que tivesen lugar.

#### AVALIACIÓN

Na memoria de final de curso deixarase constancia dos puntos que seguen:

- a) Desvíos entre a programación inicial e a súa aplicación final, facendo propostas de mellora.
- b) Resultados por UD e trimestre. Analizaranse as hipóteses sobre os motivos dos mellores e peores resultados. De ser relevante, poderanse contrastar co número de sesións dedicadas a cada unha.
- c) Resultados das enquisas realizadas para avaliar a práctica docente. Analizaranse os aspectos mellor puntuados, buscando estendelos, así como os que obteñan peor puntuación, co fin de mellorar de cara ao seguinte ano académico. De ser relevante, tomaranse acordos sobre metodoloxía, temporalización, recursos, etc.

### 9. Outros apartados